

## **MEDIDAS DA CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL ANTE O COVID-19**

A Concellería de Benestar Social, dende o primeiro día desta crise sanitaria, está a impulsar diferentes medidas para que o impacto socioeconómico na poboación de Ferrol, e nomeadamente naqueles colectivos máis vulnerables, sexa o menor posible e todas as familias poidan ter as súas necesidades básicas cubertas. Os servizos sociais, como servizo esencial que son, seguen abertos ao público no **edificio social** (rúa Sánchez Barcáiztegui, número 35), en **horario de atención ao público de 9.30 a 13.30 horas**, e citas presenciais concertadas previamente a través dos dous números de **teléfono habilitados para tal fin: 981 944 230 e 981 9442 34**.

Para poder desenvolver moitas das accións nestes tempos, conta coa colaboración de todas as áreas municipais e mesmo doutras administracións, institucións e entidades sociais e, dun xeito especial, do voluntariado de Protección Civil, que se ten convertido nunha peza fundamental para levar a cabo diferentes servizos e iniciativas de eido social. As **principais medidas** que están activas son as seguintes:

### **BECAS DE COMEDOR**

As familias con menores escolarizados en centros públicos ou concertados perceptores de beca de comedor recibirán por **cada quincena** na que os colexios permanezan pechados, un **vale de 50 euros por neno/nena**. As familias que se atopen nesta circunstancia deben chamar aos números de teléfono habilitados en Benestar Social (**981 944 230 e 981 944 234**) e dar os datos para, a continuación, acudir ao edificio social na data que se lle marque a recoller o vale correspondente.

### **VALES DE ALIMENTOS E NECESIDADES BÁSICAS**

A Concellería de Benestar Social continuará entregando vales de alimentos e necesidades básicas (produtos de hixiene persoal e limpeza, así como medicamentos) ás familias ás que xa os entregaba e, a maiores, ten establecida unha rede a través das traballadoras sociais da área,

para, mediante consulta telefónica, atender novas demandas de familias que se teñen visto nesta crise nunha situación de gran precariedade. **As persoas que se atopan nesta situación deben chamar aos números 981 944 230 ou 981 944 234, nos que serán atendidas por unha traballadora social**, que fará un informe social e, no seu caso, aprobará un vale de necesidades básicas por un importe determinado (cunha periodicidade quincenal), que **terá que recollese no edificio social previa cita telefónica**.

### **CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS “AXUDA CON ALIMENTOS”**

A asociación de voluntarios de **Protección Civil encárgase da campaña “Axuda con alimentos”**, unha iniciativa promovida polo Concello de Ferrol para garantir que o Banco de Alimentos teña fondos suficientes para surtir ás entidades e mesmo ao Concello que, á súa vez, reparten alimentos entre as familias que o necesitan. As persoas que queiran colaborar, non teñen máis que **deixar alimentos NON perecedoiros** nos puntos correspondentemente habilitados para este fin, e que están indicados cun cartel co nome da campaña e o logo do Concello de Ferrol.

### **PUNTO DE ENTREGA DE COMIDAS DA COCINA ECONÓMICA NA CARPA DA PRAZA DE ESPAÑA**

Unha vez que a Cocina Económica pechou as súas instalacións e mantén o servizo de cociña, Protección Civil é a encargada de, cada día, recoller as bolsas co xantar e cea para os usuarios habituais desta institución e para aqueles outros que nestas datas son valorados previamente polos Servizos Sociais do Concello. As bolsas entréganse nunha carpa sufragada pola Concellaría de Benestar Social por parte deste voluntarios de Protección Civil cada día ás 13.30 horas. Cabe destacar que **para poder percibir este menú é necesario ter o informe social da Concellaría, que posteriormente remite á Cocina Económica para engadir á lista de persoas usuarias**. Dita tramitación pode realizarse ben a instancias dunha entidade social ou ben de forma particular chamando aos números 981 944 230 ou 981 94 4234.

## PERSOAS MAIORES USUARIAS DO COMEDOR SÉNIOR OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

Para as persoas maiores usuarias dos cinco comedores sénior que se atopan en situación de vulnerabilidade económica ou social, a Concellería de Benestar Social habilitou un **servizo de entrega de menús a domicilio**, que se extenderá mentres dure o confinamento. Ademais, para persoas maiores, con problemas de mobilidade e dependentes en xeral que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, o Concello de Ferrol, a través de Protección Civil, puxo en marcha o programa **“Se non podes, imos nós”**. No caso de maiores ou dependentes que teñan dificultades económicas, os números de teléfonos son os habituais de Servizos Sociais (981 944 230 e 981 944 234), en atención de 9 da mañá a 2 da tarde, mais no caso de urxencias fóra dese horario, os números son os deste programa: 981 320 000 ou 698 126 700). Estas persoas, no seu caso e previa atención por parte dunha traballadora social, recibirán na súa casa un dos recursos a disposición: menús no domicilio ou a compra que precisen procedente do Banco de Alimentos.

## ALBERGUE PARA PERSOAS SEN TEITO NA CASA DO MAR

Unha vez que o albergue Pardo de Atín, situado no barrio de Caranza e có que o Concello de Ferrol colabora, e que a pensión coa que se traballaba para aloxar a persoas en situación de persoas en situación de sen teito tamén está completa, a administración municipal, grazas á implicación da Autoridade Portuaria, o Goberno, as Forzas Armadas e a colaboración mesmo de empresas privadas como o Hotel Odeón, conta cun albergue para persoas sen fogar, situado na Casa do Mar. Este espazo dispón de **24 prazas, repartidas en 12 habitacións dobles**, equipadas con baño cada unha, armarios e unha pequena zona común. Entregarase a cada persoas un “kit” de aseo e produtos de limpeza. O albergue está vixiado as 24 horas (e, polo tanto, aberto para acoller a posibles usuarios todo o día), e a coordinación do mesmo correrá a cargo dos Servizos Sociais do Concello.

## SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL

Ante a situación xerada nestes momentos polo coronavirus, ofrecerase atención psicosocial gratuita durante o período de estado de alarma e de confinamento a todas aquelas persoas

que poidan necesitar atención, a través dun servizo telefónico atendido por un **psicólogo municipal colexiado**. O horario de **atención ao público é de luns a venres, de 10 da mañá a 13.30 da tarde**, e para acceder ao mesmo hai que dirixirse a algún dos **teléfonos habilitados para Benestar Social, o 981 944 230 e 981 94 4234**.

O obxectivo deste novo servizo que se presta dende a área de Benestar Social é, fundamentalmente, o de atender de forma gratuita ás persoas que poidan necesitar **atención psicolóxica debido ao estrés, medo o incertidume que esta situación poida estar xenerándolles; escoitar e atender en primeira instancia casos relacionados coa situación de confinamento, que pasan desde o duelo por unha perda a causa do virus, ata a ansiedade ou incertidume polo feito de permanecer recluído en casa o por perder o posto de traballo nesta tamén crise económica**.